



**Estadías formativas
en empresas**




**De 3 a 4 meses
de duración**



**Para a mocidade
de 18 a 30 anos**

Fórmate na empresa



Que é?

PROGRAMA da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude que busca **favorecer a formación práctica e o contacto co tecido empresarial por parte da mocidade**, o que impulsará as oportunidades de emprego xuvenil.

Os mozos e mozas beneficiarios do Sistema nacional de garantía xuvenil poderán realizar **estadías formativas en empresas ou entidades públicas ou privadas vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia**. Durante as estadías recibirán unha **bolsa de formación dun mínimo de 690,66 € ao mes** e terán unha persoa titora encargada do seu seguimento.

A maiores destas estadías, tamén contarán cun **plan formativo complementario en habilidades e competencias para o emprego**, cun mínimo de 20 horas lectivas, que se poderán impartir en modalidade presencial, teleformación ou mixta.



Quen son as persoas destinatarias do programa



As persoas destinatarias finais son as persoas mozas que formarán parte de cada un dos programas subvencionados no marco de Xuventude Fórmate na Empresa, e **deberán cumprir** os seguintes **requisitos no momento da súa selección** pola entidade beneficiaria da subvención:

18 - 30 ANOS



Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (30 anos).

RESIDENCIA EN GALICIA

Estar empadroadas na Comunidade Autónoma de Galicia cunha antigüidade mínima dun ano.

GARANTÍA XUVENIL

Estar inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e figurar como beneficiarias no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.



Quen pode presentar solicitude

Poderán ser beneficiarias desta orde de convocatoria:

- **As entidades privadas sen ánimo de lucro** legalmente constituídas, domiciliadas en Galicia ou nun territorio membro da Unión Europea ou asociado ao Espazo Económico Europeo, que desenvolvan a súa actividade en Galicia e que desenvolvan actividades no eido da mocidade e/ou do emprego, e cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.
- **Os concellos galegos**, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este, así como as entidades resultantes da fusión de concellos ás que se refire a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

As solicitudes **presentaranse obrigatoriamente pola sede electrónica** da Xunta de Galicia e o prazo será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG.



**ACCESO Á SOLICITUDE
NA SEDE ELECTRÓNICA**

Que inclúe cada programa

A través de *Xuventude Fórmate na Empresa* financiaranse proxectos de entidades privadas sen ánimo de lucro e de concellos baixo os seguintes parámetros:

- Contar cun **mínimo de 8 e un máximo de 12 persoas** mozas participantes.
- O período de realización de estadías formativas nas entidades ou empresas será de **mínimo de 3 e máximo de 4 meses consecutivos**, agás causa xustificada.
- As **horas formativas** nas entidades ou empresas nas que se realicen as estadías terán unha **duración mínima de 100 horas mensuais e un mínimo de catro días semanais**.
- **Plan formativo complementario de 20 horas lectivas como mínimo** en habilidades e competencias para o emprego que será desenvolto e impartido pola entidade beneficiaria da subvención.
- **Persoa titora** encargada do seguimento da formación das persoas participantes e que titorice, xunto coa responsable de cada empresa, as estadías formativas.



Orzamento



1.801.667,66 €

Total investimento Xuventude Mentoring na Empresa



100.000 €

Importe máximo por programa

Posibilidade de solicitar o 80% de anticipo



690,66 € ao mes

Bolsa de formación para a mocidade participante

Incrementándose en 100 € ao mes por custos de desprazamento e en outros 100 €/mes para o caso de persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%



Estas axudas estarán cofinanciadas nunha porcentaxe do 60% pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, no obxectivo político 4, prioridade 5, obxectivo Específico ESO4.1, medida: 5.A.05.

Cronograma temporal

PRAZO: 16 DE XANEIRO AO 16 DE FEBREIRO

Presentación de solicitudes por parte de entidades e concellos

MARZO

Resolución cos programas subvencionados

DIFUSIÓN EN XUVENTUDE.XUNTA.GAL

As entidades e concellos beneficiarios publicarán cada súa convocatoria aberta á mocidade para levar a cabo a selección de persoas participantes

ATA O 31 DE OUTUBRO DE 2026

Realización das estadias formativas

ATA O 15 DE NOVEMBRO DE 2026

Xustificación da subvención

